

## Plan de acollida do alumnado curso escolar 2020-2021

### Mércores día 23 de setembro.

O alumnado acudirá ao centro 15 minutos antes da hora da presentación. Con mascarilla. Situarase na praza de entrada, mantendo a distancia de seguridade, e agardará a que se lle indique a entrada, que realizará mantendo a distancia de seguridade. No momento de entrar utilizará o xel hidroalcoólico dispoñible na entrada. O chamamento para entrar realizarase por orde de lista e por especialidade.

Baixara, en orde e mantendo a distancia de seguridade ata a Sala Pedra Seixa, e comezará a sentar seguindo a disposición das cadeiras libres, comezando pola primeira fila sen deixar ocos.

Na Sala Pedra Seixa, a dirección comentará algunhas cuestións relevantes en relación ao curso escolar, medidas de seguridade e prevención e outros asuntos. Tamén se realizará a presentación das titoras e titores e se comentarán algunhas outras cuestións. Posteriormente as titoras e titores manterán reunións telemáticas co alumnado para establecer o protocolo de traballo durante o curso.

Unha vez finalizado o acto, abandonarán a Sala Pedra Seixa polas saídas de emerxencia, e sairán do centro polas escaleiras da grada do auditorio exterior.

#### Horario:

9:30 Primeiro curso.

11:00 Segundo curso

12:00 Terceiro curso.

13:00 Cuarto curso.